

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LATÍN

CURSO 2018 – 2019

I. E. S. VALLE INCLÁN

DEPARTAMENTO DE LINGUA LATINA

NORMATIVA LEGAL

- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xullo)
- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño)
- Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29 de xaneiro)
- RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 28 de maio de 2018 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2018/2019 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 8 de xuño de 2018): elaboración de información básica da programación didáctica.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	PÁX. 5
----------------------------------	--------

4º ESO

1. INTRODUCCIÓN	PÁX. 7
2. OBXECTIVOS	9
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS DE COMPETENCIAS.	10
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE	
4.1. TEMPORALIZACIÓN	15
4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	21
4.3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	21
4.4. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS	21
5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	31
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	31
7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	33
8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIÓNS DOS SEUS RESULTADOS	37
9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO: PROXECTO LECTOR E TIC	37
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	38
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	38

BACHARELATO. LATÍN I E II.

1. INTRODUCCIÓN	PÁX. 39
2. OBXECTIVOS	41

LATÍN I BACH.

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS DE COMPETENCIAS.	PÁX. 42
--	---------

2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE	
2.1. TEMPORALIZACIÓN	47
2.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	54
2.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	54
2.4. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS	54
3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	69
4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	69
5. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	69
6. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIÓN DOS SEUS RESULTADOS	74
7. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO: PROXECTO LECTOR E TIC	75
8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	75
9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	79

LATÍN II BACH.

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS DE COMPETENCIAS.	<i>PÁX. 80</i>
2. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE	
2.1. TEMPORALIZACIÓN	84
2.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA	88
2.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	88
2.4. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS	88
3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	95
4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	95
5. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	96
6. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIÓN DOS SEUS RESULTADOS	98
7. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO: PROXECTO LECTOR E TIC	99
8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	99
9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	101

MEDIDAS DA ATENCIÓN A DIVERSIDADE	102
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO	103
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	104
MECANISMOS DE REVISIÓN AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	105

Anexos:

Anexo 1: Rúbricas para Latín 4º ESO

Anexo 2: Rúbricas para Latín I

Anexo 3: Rúbricas para Latín II

Anexo 4: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: MÍNIMOS ESIXIBLES. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES “Valle Inclán” está situado en Pontevedra na Gran Vía de Montero Ríos, S/N, nun edificio de comezos do século XX que funcionou ata os anos sesenta como único instituto da cidade.

Atende a unha poboación que reside maioritariamente no centro da cidade e que pertence, a grandes trazos, á clase media.

Entre as súas instalacións conta con ximnasio, vinte e seis aulas ordinarias, dúas de diversificación, dúas de desdobres, unha de apoio, biblioteca, tres laboratorios - física, química e CC.NN-, aula de informática, aula de tecnoloxía, paraninfo, sala de profesores, despachos, oficinas e conserxería.

Os plans ou proxectos nos que participa o profesorado son: Convivencia escolar, implantación das TIC, lector e lingüístico.

Durante o curso 2016-2017 impártense, en horario diúrno, ensinanzas de ESO ((16 unidades + 1 PMAR (2º ESO) cun total de 456 alumnos/as) e Bacharelato ((10 unidades) 227 alumnos/as). En horario nocturno (adultos) Bacharelato ((2 unidades que se desdobran nas materias de modalidade) 73 alumnos/as (total alumnado do centro 756). Tamén en horario de tarde alberga unha sección de Inglés da EOI cun número aproximado de 600 alumnos/as (desde básico a avanzado), catro profesores/as e cinco aulas. Os venres pola tarde o centro cede catro aulas á FANPA para impartírense clases de inglés.

En novembro de 2015 a Consellería de Educación promoveu a a recollida de datos dun cuestionario sobre a convivencia nos centros educativos de Galicia para contar cunha primeira diagnose que permitise elaborar posteriormente un plan de convivencia definitivo . Estes cuestionarios cubríronos todos os sectores da comunidade educativa. Os participantes do foron: 364 alumnos/as de ESO; 14 de bacharelato; 15 de profesorado, 27 familias e 4 PAS.

Das súas respostas podemos extraer unha serie de conclusións. A convivencia do centro mellorou nos últimos tres anos. Unha porcentaxe do 42,9 % do alumnado de bacharelato considera que mellorou lixeiramente e un 28,6% moitísimo, porén un 14,3% considera que empeorou lixeiramente ou alarmantemente. A percepción das familias e do profesorado é similar. As primeiras consideran que mellorou lixeiramente un 22,2% e que empeorou un lixeiramente

un 14,8%. O segundo sector considera que mellorou lixeiramente un 46,7% e que empeorou un 26,7%. Só o sector do persoal PAS valora negativamente a evolución da convivencia, pois un 50% considera que empeorou.

Unha parte importante do profesorado opina que un 66,7% das familias escoita o profesorado e chegan a avinzas con eles; un 60% amosa interese pola evolución do seu fillo/a; un 40% amosa interese polos resultados que reflicten as notas, e só un 33,3% fai un seguimento da súa evolución. Unha porcentaxe do 90% das familias opina que se informa e se implica na vida do centro e un 100% apoia as decisións do titor/a. En definitiva, un 70,4% están satisfeitos co centro (60% pais e 76,2% nais) e un 7,7% non.

O documento máis coñecido polos distintos sectores da comunidade educativa son as Normas de Organización e Funcionamento (NOF); e a seguir o Proxecto Educativo de Centro (PEC) e o Plan de Acción Titorial (PAT). Tamén hai coñecemento do Protocolo de Absentismo.

Na actualidade, o ensino do Latín abrange os seguintes cursos:

Estudos diurnos:

4º ESO (Materia troncal na opción B: "Iniciación ao Bach. Humanidades e CC.SS.): 3 horas

1º Bacharelato (Materia troncal xeral no itinerario de Humanidades): 4 horas

2º Bacharelato (Materia troncal xeral no itinerario e Humanidades): 4 horas

Estudos nocturnos: 1º e 2º bacharelato: 4 horas respectivamente.

Suman 19 horas impartidas pola Xefa do Departamento María Álvarez Díaz

4º ESO

LATÍN

1. INTRODUCCIÓN

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso de ESO, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais, complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica.

Todas as linguas de Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

A adquisición dos estándares básicos desta materia e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexa e está na orixe do amplo grupo de linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importantes achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

Por outra banda, non poden encerrarse as linguas en compartimentos estancos, como se viña facendo tradicionalmente nos sistemas escolares. Cómpre promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia promove, entre outras cousas a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Mediante o diálogo intercultural tamén se poñen en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexo unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e evolución de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas. A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

De acordo con estes principios, os contidos da materia distribúense en sete bloques que se refiren tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais. O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances: comeza coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética,

morfosintáctica e semántica. O seguinte bloque, aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia. Os dous bloques seguintes, tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos. O bloque 5 comprende o estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, os espectáculos públicos, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental.

Se, como dixemos, a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina. Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, explícase que a asignatura de Latín na ESO deberá contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan conseguir os seguintes obxectivos.

2. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO

- ▣ a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- ▣ b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- ▣ c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre

eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- ▣ d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- ▣ e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- ▣ f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- ▣ g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- ▣ h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- ▣ i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- ▣ l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- ▣ m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- ▣ n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ▣ ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- ▣ o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS DE COMPETENCIAS.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, define as competencias como as

capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos e expón as seguintes competencias clave :

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE CAS COMPETENCIAS CLAVE. LATÍN 4º ESO							
	CCL	CMC T	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
BLOQUE 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES							
LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos, en especial da Península Ibérica, coñecidos pola súa relevancia histórica.		X	X	X	X		X
LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.		X	X		X		
LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.			X	X	X		
LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan,.			X	X	X		
▪ LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	X				X		
▪ LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	X				X		
BLOQUE 2. SISTEMA DA LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS							
▪ LAB2.1.1. Distingue do alfabeto diferentes sistemas de escritura			X				X
▪ LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto das linguas faladas polo alumno partindo do abecedario latino, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.			X		X		
▪ LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	X						
BLOQUE 3. MORFOLOXÍA							
LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e							

diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	X	X					
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	X				X		
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conjugación	X				X		
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	X		X				
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	X				X		
LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.	X				X		
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.	X				X		
CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE CAS COMPETENCIAS CLAVE. LATÍN 4º ESO							
	CCL	CMC T	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	X				X		
LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	X		X				
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	X				X		
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	X						
BLOQUE 4. SINTAXE							
LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.		X					
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	X				X		
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	X						
LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	X						
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	X	X			X		
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	X	X			X		
LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.	X						
BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN							

LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.			X	X		X	
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.				X	X		X
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.		X	X		X		
LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	X			X			X
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	X			X		X	
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	X			X		X	X
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	X			X			X
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	X		X				X
CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE CAS COMPETENCIAS CLAVE. LATÍN 4º ESO							
	CCL	CMC T	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
BLOQUE 6. TEXTOS							
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	X				X		
LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	X				X		
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	X				X		
LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	X						X
LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	X	X	X				
LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto.	X						
LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo preparado previamente sobre un tema previamente acordado.	X						
BLOQUE 7. LÉXICO							
LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	X				X		
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.			X		X		
LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	X	X					
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	X						
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregarlas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	X		X	X			X

Estándares de aprendizaxe avaliados TOTAL: 47	36	9	14	10	24	3	9
Relación coas competencias básicas %	76,6%	19,14%	29,78%	21,27%	51%	0,02%	19,14%

O estudo desta materia contribúe dun xeito claro ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística: o coñecemento da estrutura da lingua latina posibilita unha comprensión profunda da gramática funcional das linguas europeas de orixe romance e doutras que comparten co latín o carácter flexivo, ou recibiron unha achega léxica importante da lingua latina. A interpretación dos elementos morfosintácticos e de vocabulario e a práctica da tradución e da retroversión supoñen a adquisición da habilidade para recoller e procesar a información dada e utilizala apropiadamente. O coñecemento dos procedementos para a formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética colabora eficazmente á ampliación do vocabulario básico e potencia a habilidade para utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación. O coñecemento das etimoloxías grecolatinas proporciona a comprensión e incorporación dun vocabulario culto e explica o vocabulario específico de termos científicos e técnicos.

O coñecemento da historia e evolución da lingua latina fomenta o ser consciente da variabilidade das linguas a través do tempo e dos diferentes ámbitos xeográficos e sociais, así como do diálogo entre as culturas; igualmente o interese e o respecto por todas as linguas, incluíndo as antigas e as minoritarias, e o rexeitamento dos estereotipos baseados en diferenzas culturais e lingüísticas.

Co coñecemento do patrimonio arqueolóxico e artístico romano no noso país e en Europa esta materia potencia o aprecio e goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia, á vez que fomenta o interese pola conservación dese patrimonio. Coa achega de referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico. O coñecemento do mundo clásico e da súa continuidade favorece a interpretación da literatura posterior, en que perduran temas, arquetipos, mitos e tópicos, á vez que se desenvolve o interese pola lectura, a valoración do carácter estético dos textos e o amor pola literatura, contribuíndo, pois, ao logro da competencia en conciencia e expresións culturais.

Desde o coñecemento das institucións e o modo de vida dos romanos que é o referente histórico de organización social, a participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes das persoas e das colectividade, no ámbito e no contorno dunha Europa diversa, unida no pasado pola lingua latina, sitúase a contribución para lograr as competencias sociais e cívicas.

O coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Foméntase así no alumnado unha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos/as como instrumentos válidos na resolución de conflitos.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

Coa busca, selección crítica, e tratamento da información, recorrendo a fontes variadas; coa aplicación de técnicas de síntese, coa identificación de palabras clave e coa distinción entre ideas principais e secundarias; coa elaboración de textos e coa presentación a través de medios informáticos, favorécese a competencia dixital. Cómpre facer ver a necesidade dunha utilización crítica das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento que universaliza a información e como unha ferramenta para a comunicación do coñecemento adquirido.

O estudo do latín, propiciando a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorecendo as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercitando a memoria mediante a recuperación de datos e situando o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, favorece a competencia de aprender a aprender.

Facilita o logro da competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor o recurso continuado a procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corraxilos e non renderse ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE

4.1. Temporalización

4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia

4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación

4.4. **Concreción de elementos transversais:** comprensión lectora (CL), expresión oral e escrita (EOE), comunicación audiovisual (CA), tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), emprendimento (EMP), educación cívica e constitucional (EC), prevención da violencia (PV) e educación vial (EV).

4.1. TEMPORALIZACIÓN

A continuación, especificaremos as diferentes unidades didácticas. Terase en conta o seguinte_

- As unidades divídense en 12, que se reparten por avaliacións nas proporcións 1-5, 6-9,-10-12.
- O esquema das unidades organiza os contidos, criterios de avaliación e estándares dos bloques 1, 2, 3 e 4, pois son os que esixen un maior rigor na súa ordenación.
- A continuación da presentación das unidades atoparase un cadro onde se detalla cada estándar de aprendizaxe nas devanditas unidades. Deste cadro, cómpre salientar o seguinte:

- **Bloque 1. O latín orixe das linguas romances** : Os contidos B1.1., B1.2. y B1.3. trataranse na Unidade 1, pero os contidos B1.4. (Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos) e B1.5. (Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán) en todas e cada unha das unidades.
- **Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos:** Os contidos B2.1. e B.2.2. serán específicos da Unidade 2, pero o B2.3. (Pronuncia do latín) traballarase en todas as unidades.
- **Bloque 6. Textos:** Tratarase este bloque en todas as unidades a partir da Unidade 2, excepto a Lectura compensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos (B6.4), que se fará a partir da 5, a Produción de pequenos textos propios en lingua latina (B6.5.), cuxos estándares traballaranse a partir da Unidade 6 (LAB6.5.1.) e da Unidade 7 (LAB6.6.1.) e o Uso do diccionario (B6.3), que se practicarás a partir da Unidade 8.
- **Bloque 7. Léxico:** traballarase a partir da Unidade 3

UNIDADES DIDÁCTICAS 4º ESO

UNIDADE 1	- O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e
-----------	---

	familias lingüísticas
UNIDADE 2	-A expansión da lingua latina e as linguas romances -Sistemas de escritura -O alfabeto latino: pronunciación e influencias. Alfabetos de Europa (inglés, francés e alemán)
UNIDADE 3	-O latín, lingua flexiva. Concepto de declinación e conxugación. Os casos ldo latín -As declinacións latinas: identificación -1ª y 2ª declinación. Excepcións de xénero. Adxectivos 1ª clase. A concordancia adxectivo-substantivo
UNIDADE 4	-O verbo latino: o enunciado dos verbos regulares e do verbo SVM. O infinitivo de presente -As conxugacións latinas: identificación. -Presente e imperfecto de indicativo na voz activa dos verbos regulares e do verbo SVM. - Oracións atributivas e predicativas. -As preposiciones. -As conxunciones de coordinación: emprego (I) -Pasos que hai que realizar á hora de traducir un texto latino
UNIDADE 5	-A 3ª declinación latina: temas en consonante. -As conxunciones de coordinación: emprego (II) -O verbo latino: Futuro simple e pretérito perfecto de indicativo na voz activa dos verbos regulares e do verbo SVM - Períodos da historia de Roma I -Mitoloxía e relixión I
UNIDADE 6	-A 3ª declinación latina: temas en -i. -Os pronomes: Pronomes persoais. Os pronomes-adxectivos: Anafórico is-ea-id e relativo qui-qua-e-quod - Períodos da historia de Roma II -Mitoloxía e relixión II
UNIDADE 7	-A oración subordinada: tipos. A oración de relativo. -O verbo latino: pretérito pluscuamperfecto e futuro composto de indicativo na voz activa dos verbos regulares e do verbo SVM - Períodos da historia de Roma III -Mitoloxía e relixión III
UNIDADE 8	-Adxectivos 2ª clase. -O infinitivo latino e a súa tradución -Introducción ao uso do vocabulario latino. - Períodos da historia de Roma IV --Mitoloxía e relixión IV
UNIDADE 9	-A voz pasiva nos verbos regulares: presente, imperfecto, futuro simple e pretérito perfecto

	do indicativo. -Organización política e social de Roma -A familia romana
UNIDADE 10	-4ª e 5ª declinaciones -Os pronombres-adxectivos deícticos -Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria
UNIDADE 11	-O participio latino: Participios de perfecto. O seu uso. -Usos do infinitivo de presente. -Espectáculos públicos: circo, teatro e anfiteatro I
UNIDADE 12	-A oración composta: o cum temporal -Espectáculos públicos: circo, teatro e anfiteatro II

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE												
CURSO: LATÍN ESO												
	UNIDADES DIDÁCTICAS											
	1ª Avaliación					2ª Avaliación				3ª Avaliación		
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
BLOQUE I. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES												
LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos, en especial da Península Ibérica, coñecidos pola súa relevancia histórica.	X											
LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	X											
LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	X											
LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	X											
<ul style="list-style-type: none"> LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. 	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. 	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
BLOQUE 2. SISTEMA DA LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS												
<ul style="list-style-type: none"> LAB2.1.1. Distingue do alfabeto diferentes sistemas de escritura. 		X										

<ul style="list-style-type: none"> LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto das linguas faladas polo alumno partindo do abecedario latino, reconece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. 		X										
<ul style="list-style-type: none"> LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta. 		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE												
CURSO: LATÍN ESO												
	UNIDADES DIDÁCTICAS											
	1ª Avaliación					2ª Avaliación				3ª Avaliación		
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
BLOQUE 3. MORFOLOXÍA												
LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.			X	X	X	X	X	X		X		
LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.			X									
LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conjugación			X	X								
LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.			X	X	X	X	X	X		X		
LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.			X	X	X	X	X	X				
LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.				X								
LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conjugación.				X								
LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.				X	X		X		X			

LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.									X			
LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.					X						X	
LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.				X	X		X					

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE CURSO: LATÍN ESO												
	UNIDADES DIDÁCTICAS											
	1ª Avaliación					2ª Avaliación				3ª Avaliación		
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
BLOQUE 4. SINTAXE												
LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.		X				X						
LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.				X	X	X	X	X	X	X		
LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.			X	X	X	X	X	X	X	X		
LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.				X								
LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.				X	X		X	X				X
LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.								X			X	
BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN												

LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.					X								
LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.						X	X	X					
LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.						X	X	X					
LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.						X	X	X					
LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.									X				

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE													
CURSO: LATÍN ESO													
	UNIDADES DIDÁCTICAS												
	1ª Avaliación					2ª Avaliación				3ª Avaliación			
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	
LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.									X				
LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.									X				
LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.					X	X	X	X					
LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.							X	X					
LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.										X			
LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.												X	X
BLOQUE 6. TEXTOS													
LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.		X	X	X	X	X	X	X	X	X		X	X
LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando		X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.												
LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.								X	X	X	X	X
LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.				X	X	X	X	X	X		X	X
LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.				X	X	X	X	X	X		X	X
LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto.					X	X	X	X	X		X	X
LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo preparado previamente sobre un tema xa acordado.						X	X	X	X		X	X

CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE												
CURSO: LATÍN ESO												
	UNIDADES DIDÁCTICAS											
	1ª Avaluación					2ª Avaluación				3ª Avaluación		
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Bloque 7. LÉXICO												
LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.			X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

4.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.4. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS: comprensión lectora (CL), expresión oral e escrita (EOE), comunicación audiovisual (CA), tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), emprendimento (EMP), educación cívica e constitucional (EC), prevención da violencia (PV) e educación vial (EV).

Nos cadros que presentamos a continuación inclúense estes tres apartados, xunto coa identificación dos contidos e criterios de avaliación correspondentes
Constitúe o grao mínimo de consecución dos estándares a redacción destacada en negra dos mesmos.

Identif contidos	Crite- rios avalia- ción	Estándares de parentizaxe	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	E INSTRUMENTOS	DE AVALIACIÓN	EL	EM	EN	TOS	TRAS	VER	SAIS
			Grao mínimo de consecución %	Instrumentos de avaliación	Procedimentos de avaliación	C L	E O E	CA	TI C	E M P	EC	PV
Bloque 1. O LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES												
B1.1.	B1.1.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	Sinala sobre un mapa o marco xeográfico da civilización romana no seu período de maior expansión situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos, en especial da Península Ibérica, coñecidos pola súa relevancia histórica.	<p>Posta en común</p> <p>Proba obxectiva</p>	<p>Intercambios orais cos alumnos</p> <p>Análise das producións dos alumnos</p>							
B1.2.	B1.2.	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	Idem	Proba obxectiva	Proba específica		X	X				
B.1.2.	B1.3.	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	Identifica varias das linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	<p>Produccións orais en grupo</p> <p>Proba obxectiva</p>	<p>Análise das producións dos alumnos</p> <p>Proba específica</p>		X	X	X		X	
B1.3	B1.4	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e	Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as									

		delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	zonas onde se utilizan. Identifica e sinala sobre un mapa as principais linguas romances que se falan en Europa.	Proba obxectiva	Proba específica			X	X		X		
B1.4.	B1.5	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	Identifica e diferencia palabras patrimoniais e cultismos en relación co termo de orixe.	Rúbrica	Observación sistemática	X							
B1.5.	B1.6	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as principais regras fonéticas de evolución.	Rúbrica	Observación sistemática	X							
Bloque 2. SISTEMA DA LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS													
B2.1.	B2.1.	<ul style="list-style-type: none"> LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. 	Distingue do alfabeto diferentes sistemas de escritura e os describe	Posta en común	Intercambios orais cos alumnos			X	X				
B2.2.	B2.2	<ul style="list-style-type: none"> LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. 	Explica a orixe dos alfabetos do galego e do castelán e os das linguas estranxeiras ofertadas polo Centro partindo do abecedario latino.	Posta en común Produccións orais en grupo	Intercambios orais cos alumnos Análise das producións dos alumnos		X	X	X	X			X
B2.3	B2.3	<ul style="list-style-type: none"> LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa 	Idem	Diario de clase.	Observación sistemática		X						

		extensión coa pronuncia correcta.		Proba aberta.	Proba específica									
Bloque 3. MORFOLOXÍA														
B3.1.	B3.1.	<ul style="list-style-type: none"> LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. 	Idem	Resolución de exercicios	Análise das produccions dos alumnos	X								
B3.2.	B3.2.	<ul style="list-style-type: none"> LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. 	Idem	Resolución de exercicios	Análise das produccions dos alumnos	X								
B3.3.	B3.3	<ul style="list-style-type: none"> LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación. 	Idem	Posta en común	Intercambios orais cos alumnos	X								
B3.4	B3.4	<ul style="list-style-type: none"> LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaaos segundo a súa categoría e a súa declinación. 	Idem	Proba obxectiva	Proba específica	X								
		<ul style="list-style-type: none"> LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. 	Idem	Resolución de exercicios e problemas Proba obxectiva	Análise das produccions dos alumnos Proba específica	X		X						
B3.5.	B3.5.	<ul style="list-style-type: none"> LAB3.5.1. Identifica as 		Resolución de	Análise das									

		conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	Idem	exercicios e problemas Proba obxectiva	produccións dos alumnos Proba específica	X								
		▪ LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	Idem	Resolución de exercicios e problemas Proba obxectiva	Análise das producións dos alumnos Proba específica	X								
B3.5.	B3.6.	▪ LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	Idem	Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva.	Análise das producións dos alumnos Proba específica	X			X					
		▪ LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.		Resolución de exercicios e problemas: Proba obxectiva.	Análise das producións dos alumnos Proba específica	X								
		▪ LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	Idem	Proba obxectiva	Proba específica	X								
		▪ LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e	Idem	Resolución de exercicios e	Análise das producións dos									

		ao castelán diferentes formas verbais latinas.		problemas. Proba obxectiva.	alumnos Proba específica	X			X				
Bloque 4. SINTAXE													
B4.1.	B4.1.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintácticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	Idem	Rúbrica. Proba obxectiva.	Análise das producións dos alumnos Proba escrita específica	X	X						
B4.2.	B4.2.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	Idem	Posta en común Proba obxectiva.	Intercambios orais cos alumnos Proba específica	X							
		LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	Idem	Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	Análise das producións dos alumnos Proba específica	X	X						
B4.3.	B4.3.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	Idem	Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	Análise das Producións dos alumnos Proba específica	X	X						
B4.4	B4.4.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	Idem	Diálogo. Resolución de exercicios e problemas.	Intercambios orais cos alumnos Proba específica	X							

B4.5.	B4.5.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples. Recoñece, analiza e traduce as oracións de relativo	Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	Análise das Producións dos alumnos Proba específica	X									
B4.6.	B4.6.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analizaas e tradúceas correctamente.		Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	Análise das Producións dos alumnos Proba específica	X	X								
Bloque 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA E CIVILIZACIÓN															
B5.1.	B5.1.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	Idem	Proba obxectiva	Proba específica	X	X	X	X						
		LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	Idem	Proba obxectiva	Proba específica	X	X	X	X						
		LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.		Rúbrica	Análise das producións dos alumnos	X	X	X	X						
		LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.		Rúbrica	Análise das producións dos alumnos	X	X	X	X						
B5.2.	B5.2.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as	Idem	Rúbrica	Análise das producións dos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

		sucesivas formas de organización do sistema político romano.			alumnos									
		LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.		Rúbrica	Análise das produccions dos alumnos	X	X	X	X	X	X	X		
B5.3	B5.3	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	Idem	Rúbrica	Análise das produccions dos alumnos	X	X	X	X	X	X	X		
B5.4	B5.4.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	Idem	Produccións orais en grupo Proba obxectiva	Análise das produccions dos alumnos Proba específica	X	X	X	X	X				
B5.4.	B5.5	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.		Posta en común Produccións orais en grupo	Intercambios orais cos alumnos Análise das produccions dos alumnos	X	X	X	X	X				
B5.5.	B5.6.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrasta os cos da actualidade.		Produccións orais en grupo	Análise das produccions dos alumnos	X	X	X	X	X	X	X		
B5.6.	B5.7	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos		Produccións orais en grupo	Análise das produccions dos	X	X	X	X	X	X	X		

		celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	Idem		alumnos								
Bloque 6. TEXTOS													
B6.1.	B6.1.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	Idem	Rúbrica Proba obxectiva	Análise das producións dos alumnos Proba escrita específica	X	X						
B6.2.	B6.2.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	Idem	Diario de clase	Observación sistemática	X	X			X			
B6.3.	B6.3.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	Utiliza correctamente os manuais de gramática e o vocabulario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	Resolución de exercicios Rúbrica	Análise das producións dos alumnos Análise das producións dos alumnos	X				X			
B6.4	B6.4.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.		Posta en común. Rúbrica	Intercambios orais cos alumnos Análise das producións dos alumnos	X	X			X			
		LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as		Posta en común	Intercambios orais cos alumnos	X	X						

		súas partes.		Rúbrica	Análise das producións dos alumnos								
B6.5.	B.6.5.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto	Caderno de clase clase	Análise das producións dos alumnos	X	X			X			
B6.5.	B6.6.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.		Caderno de clase clase	Análise das producións dos alumnos	X	X			X			
Bloque 7. LÉXICO													
B7.1.	B7.1.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	Idem	Caderno de clase clase	Análise das producións dos alumnos	X	X			X			
		LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	Idem	Caderno de claseclase	Análise das producións dos alumnos	X	X						
B7.2.	B7.2.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.		Rúbrica	Observación sistemática	X	X			X			
B7.2.	B7.3.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común das linguas propias e explica a partir destas o seu significado	Rúbrica Proba obxectiva	Análise das producións dos alumnos Proba escrita específica	X	X			X			
B7.3.	B7.4.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	Idem	Rúbrica	Análise das producións dos alumnos	X	X			X			

Nota: Poden verse as rúbricas no Anexo 1 a esta programación

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Temos que facer notar neste punto o feito de que, xa nos cursos pasados, o Departamento decidiu suprimir o libro de texto. As razóns foron as seguintes:

- Dunha banda, o sistema de desenvolvemento dos contidos non se axustaba ao ritmo do curso: resultaba demasiado lento nuns casos e demasiado denso noutros.
- Doutra banda, ao ser o latín unha materia que depende en gran medida da forma en que sexa impartida á hora de atraer os alumnos, os profesores de Lingua Latina necesitamos algún mecanismo máis aberto e variado que permita acceder a diferentes formatos (páxinas web, blogs, power point, películas o extractos das mesmas, cancións, mapas, prensa, revistas...) e cambialos ou intercambialos segundo a reacción dos alumnos, é dicir, cómpre non só estar ao día se non utilizar os diferentes formatos en consonancia cos diferentes gustos presentes na clase: neste senso o libro de texto converteuse nunha rémora.
- Finalmente, os libros de texto consultados non presentan unha colección de textos en latín o suficientemente extensa como para poder reforzar os diferentes puntos morfolóxicos ou sintácticos de maior dificultade. Tamén son moi irregulares no que incumbe á variedade e o atractivo dos textos propostos, de xeito que estean en consonancia cos diferentes gustos dos alumnos.

Os contidos en formato papel das doce unidades serán entregados polo profesor aos alumnos seguindo os cambios que se detectaron como necesarios nos cursos anteriores.

En canto ao material en latín propiamente dito, parécenos un bo método a alternancia de textos clásicas (adaptados ou no, segundo os casos) cos que presenta Orberg en su *Lingua Latina per se illustrata (Familia Romana)*.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Sempre se debe seguir un criterio de flexibilidade nos ritmos e no seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe: deste xeito, a temporalización exposta será un *a priori* e pode verse levemente modificada en función da propia evolución do curso; así, poderanse adiantar ou atrasar determinados estándares ou aspectos dos mesmos.

De todos os xeitos, será fundamental que o alumnado vaia consolidando os contidos impartidos mediante o reforzo continuado, sobre todo, da morfoloxía, a sintaxe e a tradución. Procurarase que a morfoloxía e a sintaxe xurdan de xeito natural dos exemplos prácticos e non a viceversa.

Considérase fundamental a interacción profesor-alumno para acadar un bo resultado na materia. Tamén se dará gran valor ao seguimento e a participación activos por parte do alumnado nos diferentes contidos.

Vai ser de gran importancia o caderno do alumnado, onde se van recoller as distintas actividades realizadas (apuntes da materia, esquemas, resumos, mapas, exercicios prácticos a partir de contidos morfosintácticos e léxicos, traducións...) e vai servir de rexistro idóneo do traballo sistemático e continuo. Que estea completo, ordenado, limpo e correcto, dará unha idea cabal da asunción do alumnado de aspectos de importancia en canto a madurez, comprensión, estudo, etc.

As clases, en xeral, procurarán a involucración e a implicación do grupo nas distintas tarefas (búsqueda na biblioteca ou en internet información sobre distintos aspectos dos contidos e elaborar sínteses desas consultas; realización, individual ou en grupo, de esquemas, cadros, mapas, gráficos, etc. en relación con aspectos dos contidos; establecemento de relacións entre o mundo actual e determinados aspectos estudados do mundo romano; identificación da presenza lingüística e cultural do mundo latino hoxe en día, a través da utilización da prensa, documentos

audiovisuais, visitas, etc.; lectura e valoración de textos complementarios relacionados cos contidos). A través delas tratarase de potenciar tanto a autonomía do alumno como o traballo en grupo.

Tamén se considerará fundamental a potenciación, por parte do profesor, das relacións entre as aprendizaxes previas e as novas en todos aqueles contidos que máis se acerquen aos intereses dos alumnos: desde os culturais, pasando por as linguas galega e castelá, ata calquera das outras que se están a aprender, xa sexa inglés, xa sexa francés, xa sexa alemán.

Prestarase atención especial a adquisición e a o desenvolvemento das competencias correspondentes aos diferentes estándares e sinaladas e comentadas anteriormente e fomentarse a correcta expresión oral e escrita.

A atención a diversidade tratarase nun apartado específico.

7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

“Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe” (Decreto 86/2015 do 25 de xuño)

Especificamos a continuación os mínimos esixibles:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: MÍNIMOS ESIXIBLES
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances		
B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	Sinala sobre un mapa o marco xeográfico da civilización romana no seu período de maior expansión situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos, en especial da Península Ibérica, coñecidos pola súa relevancia histórica.
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localízalas nun mapa.	Identifica varias das linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localízalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas en Europa.	Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. Identifica e sinala sobre un mapa as principais linguas romances que se falan en Europa.
B1.4. Palabras patrimoniais e cultismos.	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais e cultismos.	Identifica e diferencia palabras patrimoniais e cultismos en relación co termo de orixe.
B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as principais regras fonéticas de evolución.
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos		
B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	Distingue do alfabeto diferentes sistemas de escritura e os describe
B2.2. Alfabetos coa súa orixe no alfabeto latino.	B2.2. Coñece a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identifica os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa	Explica a orixe dos alfabetos do galego e do castelán e os das linguas estranxeiras ofertadas polo Centro partindo do abecedario latino.
B2.3. Pronuncia do latín.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín.	Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.
Bloque 3. Morfoloxía		
B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificarlas e define criterios para clasificarlas.
B3.3. Concepto de declinación e conjugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conjugación.	Define o concepto de declinación e conjugación.
B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. ▪ Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado. ▪ Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.
B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e de perfecto tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. ▪ Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. ▪ Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.
Bloque 4. Sintaxe		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Elementos da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. 	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Casos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. ▪ Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Concordancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. 	Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. 	Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Oración composta: oracións coordinadas e subordinadas de relativo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas e subordinadas (oracións de 	Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples. Recoñece, analiza e traduce as oracións de relativo

	relativo)	
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Periodos da historia de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma e encadralos no seu período correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. ▪ Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Organización política e social de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os rasgos fundamentais da organización política e social de Roma. 	Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. A familia romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia romana e os papeis asignados aos seus membros. 	Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. 	Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. 	Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.
Bloque 6. Textos		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Aplicar os coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para se iniciar na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. 	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. 	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e o vocabulario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. 	Utiliza correctamente os manuais de gramática e o vocabulario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia. 	Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto
Bloque 7. Léxico		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. ▪ Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.2. Composición e derivación culta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. 	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común das linguas propias e explica a partir desta o seu significado
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.3. Locucións latinas de uso actual 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber emplealas nun contexto idóneo. 	Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

En canto aos criterios de **cualificación**, teranse en conta de xeito prioritario, por unha banda, que o alumnado acade os obxectivos, contidos e o grao mínimo dos estándares mencionados anteriormente e, por outra, o feito de que a avaliación é continua e progresiva.

En cada avaliación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- ✓ Actitud ante o proceso de aprendizaxe e intervencións. Traballo diario na aula e na casa. Caderno da materia: 10%
- ✓ Controis orais e/ou escritos parciais (non máis de catro estándares). Traballos individuais ou en grupo previo aviso: 20%
- ✓ Exames escritos: 70%

As observacións sobre a actitude ante o proceso de aprendizaxe e intervencións do alumno na aula, o seu traballo diario e o caderno da materia terán unha puntuación conxunta de 0 a 10 ao final de cada avaliación. Esta constituirá o 10% da nota final dunha avaliación dada.

Os controis orais e/ou escritos parciais (non abranguerán en ningún caso máis de catro estándares) e os traballos en grupo terán, cada un deles unha puntuación de 0 a 10 puntos. A nota media das cualificacións conxuntas constituirá o 20% da nota final dunha avaliación dada.

Os exames escritos –tantos como se consideren oportunos segundo a evolución xeral da clase- terán unha puntuación de 0 a 10 puntos. En cada un deles, se aparecen cuestións pertencentes a diferentes bloques, terán maior puntuación as relacionadas co bloque 3, seguidas daquelas pertencentes aos bloques 4 e 6; finalmente, a menor puntuación coresponderá as cuestións relacionadas cos bloques 1, 2, 5 e 7 (Como orientación pódense ver as porcentaxes asignadas aos bloques na proba final do curso). Pola súa banda, os estándares terán un peso proporcional dentro de cada bloque. A nota media destas probas escritas constituirá o 70% da nota final dunha avaliación dada.

O alumno/a que teña aprobada a terceira avaliación terá aprobado o curso. A nota final calcularase do seguinte xeito:

- No caso de que a evolución do alumno sexa marcadamente ascendente a nota final será a acadada na terceira avaliación.
- No caso dunha involución ou dun desenvolvemento irregular, a nota final calcularase seguindo as seguintes porcentaxes: 80% a terceira avaliación, 10% a segunda e a primeira.

Para todos aqueles alumnos que necesiten recuperar unha parte ou partes concreta/s das avaliacións primeira e segunda faranse, previo reforzo, recuperacións parciais ao comezo da seguinte avaliación. Na terceira avaliación poderá recuperarse todo o curso cun exame final que responderá ao grao mínimo de consecución dos estándares. A súa vez, ponderaranse de xeito proporcional tales estándares dos bloques 1, 2, 5 e 7 dun lado, do bloque 3 doutro e dos bloques 4 e 6 doutro. As porcentaxes dos distintos bloques no devandito examen final serán as seguintes:

- ✓ Bloques 1, 2, 5 e 7: 15%
- ✓ Bloque 3: 55%
- ✓ Bloques 4 e 6: 30%

En caso de atopar a un alumno copiando nalgunha das probas escritas, entregaráselle de forma inmediata a mesma proba e o tempo seguirá sendo o establecido nun principio para o conxunto da clase.

Pola súa banda, **se non se superase o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe**, realizarase unha proba extraordinaria no mes de xullo na que o alumno deberá superar unha proba cos mesmos presupostos e das mesmas características que as descritas no caso da recuperación final do curso ordinario.

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Aínda que os alumnos de 4º de ESO de latín, ou ben é a primeira vez que entran en contacto cunha materia de tales características, ou ben teñen uns coñecementos moi poucos sobre a mesma por ter cursada a Cultura Clásica de 3º de ESO, cómpre dicir que é importante que o profesor saiba canto antes o que ten para actuar en consecuencia. É importante, polo tanto, realizar unha avaliación inicial para poder operar en dous frentes: dunha banda, segundo a motivación previa do alumno, segundo as expectativas que a nosa materia lle pode xerar, e doutra, segundo os seus posibles coñecementos históricos e socioculturais do mundo latino, o nivel morfosintáctico que ten noutras linguas, a riqueza ou pobreza do seu vocabulario e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Aparte desta información obtida de cada alumno a través de cuestionarios escritos, de enquisas orais e a través das súas primeiras tarefas, o profesor, para completar a información obtida, terá que acudir ao titor ou titora, quen lle informará da traxectoria seguida polo alumno en cursos anteriores.

No que respecta aos contidos sintácticos previos, pódese prever xa dende un comezo que o alumno esqueceu ou ben en parte ou ben de xeito xeral os contidos xa estudados nas linguas galega e castelá, polo que se lle proporcionarán unhas liñas básicas para que, recuperando os coñecementos das súas propias linguas poidan acercarse de xeito máis doado á latina.

A partir desta avaliación feita ao comezo do curso, o profesor indagará sobre os coñecementos previos paralelos de todo tipo que considere necesarios á hora de emprender unha nova unidade didáctica. Xa se ten dito que, no caso do latín, intentaranse abranguer todas e cada unha das outras materias cursadas o que estea a cursar o alumno que conteñan algún tipo de ligazón cos contidos que van ser introducidos: a finalidade, xunto coa obtención de información respecto da base previa dos alumnos, é a de demostrar a utilidade que o estudo da lingua e cultura latinas ten cara a outras materias.

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AOS PROXECTOS DO CENTRO: PROXECTO LECTOR E TIC

Sobre esta cuestión que pretende fundamentalmente o fomento da lectura, as actividades que se van realizar terán en conta o Proxecto Lector de centro. Polo demais, hai que indicar que a formación da lectura comprensiva exige un traballo progresivo e continuado onde se traballen con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico, en relación directa ou implícita cos contidos da materia:

- Ler na aula ou na biblioteca do centro textos latinos acaídos/adaptados e traducidos, e outros posteriores que presenten temas, aspectos ou vínculos cos contidos estudados.
- Traballar sobre eses textos: resumos, exercicios, análises de contido e esquemas, valoracións e outros comentarios.

Os Departamentos de lingua latina e grega teñen un espazo na biblioteca do centro que ten como finalidade promover o acercamento dos alumnos de 4º de Latín a textos relacionados co mundo grecolatino, de temática e/ou formato especialmente atractivos.

Lectura obrigada será, ou ben a obra de teatro á que os alumnos asistirán co motivo do Festival de Teatro Grecolatino de Lugo-Ourense ou do Festival Juvenil Europeo de Teatro Grecolatino en Mérida ou ben –no caso de non poder ir– escollerán entre os *Xemelgos*, *Epidicus*, *Anfitrión* ou *O soldado fanfarrón* en textos adaptados.

No que atinxe ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación xa se mencionou *supra* a importancia da súa aplicación no desenvolvemento da materia. A competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Así fomentárase e valorárase o uso das TIC para o traballo de aula. Neste sentido, é de grande importancia que o alumnado empregue con rigor as TIC como medio para a busca de información, a realización de exercicios e tarefas e a elaboración de traballos relacionados coa materia.

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O latín de 4º de ESO non pode quedar pendente polas propias características do curso, xa que o alumno ou titula ou repite curso.

No que se refire aos **alumnos que repiten curso**, en primeira instancia, se fai preciso coñecer as súas carencias principais a través da experiencia do ano pasado e/ou acudindo ao profesor titor ou titora, que xa terá recompilados os informes de avaliación final do curso anterior. Deste xeito se poderá proceder á realización dun programa específico personalizado, xa desde o comezo do curso, e este se continuará para incidir nas deficiencias e carencias que se viñan observando.

De todos os xeitos, considérase fundamental a creación, por parte do profesorado, de oportunidades cara a integración deste alumnado no conxunto do grupo, aínda que isto supoña realizar algún cambio puntual en certos métodos.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Será de interese neste apartado todas cantas actividades se realicen en conexión cos contidos da materia: conferencias, visita a museos, cidades, exposicións, roteiros temáticos ou relacionados co mundo romano (e clásico).

Na medida das posibilidades, realizaranse actividades deste tipo.

A aposta do departamento de Latín para o presente curso (en colaboración cos departamentos de Grego de Xunqueira 1 e de Latín do Sanchez Cantón), xa que no pasado non puido facerse por motivos estruturais- será a asistencia a algunha representación teatral do Festival Juvenil Europeo de Teatro Grecolatino en Mérida: intentarase que a excursión sexa, ou ben de xoves a domingo, para asistir á representación do venres, ou ben de sábado a martes, para asistir a algunha representación do luns (as datas do devandito festival adoitan coincidir cos finais do mes de abril). A viaxe aproveitarase para a visita aos restos romanos de Mérida e a Coimbra. No caso de que non se poda facer esta viaxe, polo número limitado do aforo das representacións e a gran afluencia de público as mesmas, intentarase a asistencia a algunha representación teatral do Festival de teatro Grecolatino de Lugo-Ourense.

1. INTRODUCCIÓN.

Na ESO e no Bacharelato o estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico das linguas clásicas, o latín e o grego, proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

A materia de Latín na etapa da ESO –como se ten dito– ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, en 1º de Bacharelato haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas e militares, da súa vida cotiá, das súas creacións artísticas (escultura e aruitectura), da enxeñaría e do urbanismo, da mitoloxía e da relixión. Ter´na tamén o seu espazo o tratamento da Romanización de Hispania e da Gallaecia.

O estudo máis en profundidade das creacións literarias resérvase para 2º de Bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina: un mellor coñecemento da lingua permitiralle ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

A lingua latina, así como as distintas linguas do currículo da ESO e do Bacharelato, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Estes coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco

xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

2. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

		<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.5.2. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros. 	idem	<p>Análise das produccions orais en grupo dos alumnos</p> <p>Proba aberta</p>	<p>Análise das produccions dos alumnos</p> <p>Poba específica</p>	X	X	X	X	X				
B5.4.	B5.6.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. 	Idem	<p>Posta en común</p>	<p>Intercambios orais cos alumnos</p>	X	X	X	X	X				
		<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos. 		<p>Posta en común</p>	<p>Intercambios orais cos alumnos</p>	X	X	X	X	X				
B5.4.	B5.7.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, 		<p>Posta en común</p>	<p>Intercambios orais cos alumnos</p>	X	X	X	X	X				

		distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.															
B5.5.	B5.8.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada. 		<p>Posta en común</p> <p>Análise das producións orais en grupo dos alumnos</p>	<p>Intercambios orais cos alumnos</p> <p>Análise das producións dos alumnos</p>	X	X	X	X	X							
B5.6.	B5.9.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada. 	Idem	<p>Análise das producións orais en grupo dos alumnos</p>	<p>Análise das producións dos alumnos</p>	X	X	X	X	X	X						X
		<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada. 	<p>Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo.</p>	<p>Análise das producións orais en grupo dos alumnos</p>	<p>Análise das producións dos alumnos</p>	X	X	X	X	X							
B5.7.	B5.10.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B5.10.1. Enumera os elementos que compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á 		<p>Análise das producións orais en grupo dos alumnos</p>	<p>Análise das producións dos alumnos</p>	X	X	X	X	X							X

		súa evolución ao longo dos períodos históricos												
Bloque 6. TEXTOS														
B6.1.	B6.1.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. 	<p>Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.</p>	<p>Resolución de exercicios e problemas</p> <p>Resolución de exercicios e problemas</p>	<p>Análise das producións dos alumnos</p> <p>Proba específica</p>	X	X			X				
B6.2.	B6.2.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. 	Idem	Diario de clase	Observación sistemática	X	X			X				
B6.3.	B6.3.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. 	Idem	<p>Resolución de exercicios e problemas.</p> <p>Resolución de exercicios e problemas</p>	<p>Análise das producións dos alumnos</p> <p>Proba específica</p>	X	X			X				
B6.4 B6.5.	B6.4.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os 		<p>Posta en común</p> <p>Rúbrica</p>	<p>Intercambios orais cos alumnos</p> <p>Análise das</p>	X	X			X				

		coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.			produccións dos alumnos/									
		<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. 	Idem	Posta en común Rúbrica	Intercambios orais cos alumnos Análise das produccións dos alumnos	X	X			X				
B6.6.	B.6.5.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. 	Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto	Caderno de clase de clase	Análise das produccións dos alumnos	X	X			X				
B6.6.	B6.6.	<ul style="list-style-type: none"> LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. 	Mantén un sinxelo diálogo preparado previamente sobre un tema xa acordado	Caderno de clase de clase	Análise das produccións dos alumnos	X	X			X				
Bloque 7. LÉXICO														
B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.	Idem	Caderno de clase de clase	Análise das produccións dos alumnos	X	X			X				
		LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	Idem	Caderno de clase	Análise das produccións dos alumnos	X	X							
B7.2.	B7.2.	LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	Rúbrica	Observación sistemática	X	X			X				
B7.2.	B7.3.	LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.	Deduce o significado das palabras das linguas romances que o alumno coñece a partir dos étimos latinos.	Posta en común Rúbrica	Intercambios orais cos alumnos Observación sistemática	X	X			X				

B7.3.	B7.4.	LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	Idem	Rúbrica	Observación sistemática	X	X			X			
		LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	Idem	Rúbrica	Observación sistemática	X	X			X			
		LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado cando se expresa na súa propia lingua.	Idem	Caderno de clase clase. Proba obxectiva	Análise das producións dos alumnos Proba específica	X	X						

Nota: Poden verse as rúbricas no Anexo 2 a esta programación

3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Serán empregados diversos materiais, textos, documentos, mapas, etc. que contribúan a desenvolver os contidos da materia. Será habitual o recurso a Internet, as exposicións tanto por parte do profesor como do alumno a través do power point, o traballo coa prensa e revistas, as fontes artísticas, literarias e cinematográficas, e en xeral todo canto se considere de interese para a materia.

Débase facer constar neste apartado o feito da supresión do libro de texto, como xa ven ocorrendo hai uns anos. Durante o curso pasado, analizáronse cada unha das ofertas das editoriais e, finalmente, decidiuse seguir coa mesma tónica, é dicir, sen libro de texto. Dunha banda, os libros adoecen, ou ben dunha boa presentación dos contidos sintácticos ou das pertinentes esquematizacións morfolóxicas, ou ben resultan moi parcos en textos de tradución axeitados aos contidos propostos, ou resultan demasiado extensos ou demasiado escasos na aportación de exemplos prácticos do léxico herdado; pola súa banda, os contidos culturais, resultado de pescudas en libros, páxinas web e blogs, e realizadas xa por os alumnos xa por o profesor, resultaron asimilados de xeito satisfactorio os cursos pasados. Doutra banda, débese facer constar que o feito de deixar nas mans do profesor o labor de condución do curso tamén resultou satisfactoria e aínda quedou avalada por os bos resultados académicos dos alumnos.

A propoósito dos novos libros, diremos que encontráronse moitos elementos aproveitables que xa foron introducíndose os pasdos cursos.

4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Metodoloxicamente, cómpre facer constar o especial interese en demostrar como a presenza do Latín obriga a dar prioridade á razón e á comprensión fronte á memoria. Tamén é importante interrelacionar contidos de xeito que o alumno poida observar os numerosos restos que a lingua e a civilización dos romanos deixaron en moitas sociedades modernas.

A estrutura da materia, como xa temos visto, constará de varias partes. En canto aos contidos lingüísticos, introduciremos a alumnas e alumnos aspectos teóricamente xa coñecidos por eles noutras linguas, para que interrelacionen o que saben co que van aprender en latín. Con textos sinxelos, inferirán cuestións de gramática. Posteriormente, farase explicación pormenorizada dos devanditos contidos e, por último, realizaranse diversos exercicios adecuados e pertinentes, tanto de tipo estritamente gramatical, como de traducións, etc. Como se ten dito, é moi importante que os/as alumnos/as teñan esquemas morfolóxicos sintácticos e léxicos xerais.

Sobre os temas culturais, tamén se partirá dunha breve introdución con circunstancias, conceptos ou situacións coñecidas polo alumnado, para que os alumnos divididos en grupos, progresivamente, co acompañamento de textos, ilustracións, medios audiovisuais, páxinas web, blogs, etc. vaian expoñéndoos. En relación con isto tamén se vai pretender o fomento da lectura de temáticas romanas (novelas históricas, biografías noveladas, teatro, poesía épica e lírica...), sendo obrigatorios a *Eneida* e algunha comedia de Plauto (ambos en adaptacións).

Hai que sinalar que, aparte dos materiais que se empreguen como punto de partida, axuda, complementos de estudio, etc., os alumnos/as van dispor de cadanseu caderno onde rexistrarán as explicacións e comentarios de cada materia ou tema, así como dunhas follas aparte cos diferentes esquemas léxicos e gramaticais xerais, de xeito que poidan dispor delas en cada tradución. Dito caderno e ditas follas, o seu coidado, a súa presentación, etc. resultarán boas testemuñas ou síntomas da dedicación, interese, capacidade e mesmo creatividade do alumnado en relación cos contidos.

É importante en todo este proceso de ensino-aprendizaxe estimular no alumnado a autoavaliación, así como o desenvolvemento e a consolidación de técnicas de traballo propias, a súa autonomía investigadora e ao traballo en grupo.

5. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

“Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe” (Decreto 86/2015 do 25 de xuño)

Especificamos a continuación os mínimos esixibles:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: MÍNIMOS ESIXIBLES
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances		
B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	Sinala sobre un mapa o marco xeográfico da civilización romana no seu período de maior expansión situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos, en especial da Península Ibérica, coñecidos pola súa relevancia histórica.
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	Identifica varias das linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características.	Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e diferencia unhas doutras
B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais e cultismos.	B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais e cultismos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro. ▪ Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos. ▪ Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.
B1.5. Nocións básicas de evolución fonética e semántica do latín ao galego e ao castelán	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as principais regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos		
B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	Clasifica os diferentes tipos de escritura e recoñece as súas diferenzas en natureza e función.
B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino	B2.3. Coñece a orixe do alfabeto nas linguas modernas.	Explica a orixe latina dos alfabetos de diferentes linguas de Europa, principalmente do galego e o castelán así como das linguas estranxeiras ofertadas polo Centro.
B2.3. Pronuncia do latín.	B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín.	Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos
Bloque 3. Morfoloxía		
B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Coñecer, identificar e distinguir	Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e

	os formantes das palabras.	morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras a partir do seu enunciado.	Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación
B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enuncia e localiza correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. ▪ Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. ▪ Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. ▪ Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. ▪
B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir de eles, tanto en voz activa como en voz pasiva.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. ▪ Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. ▪ Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. ▪ Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.
B3.5. Flexión verbal	B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.	Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
B3.5. Flexión verbal.	B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas e comparar os sistemas verbais.	Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.
Bloque 4. Sintaxe		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Elementos da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. 	Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Casos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e 	. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións

	saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.
▪ B4.3. Concordancia.	▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.
▪ B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación	▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas (especialmente oracións de relativo)	Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os tipos de coordinadas e os nexos que as caracterizan. Dentro das subordinadas, especialmente as de relativo, de cum e de ut. Sinala en cada caso exemplos que expliquen as súas características.
▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio	▪ B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.	Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.
▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio	▪ B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.	Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización		
B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma e encadralos no seu período correspondente, e realizar eixes cronolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del ▪ Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. ▪ Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relacións con outras circunstancias contemporáneas. ▪ Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan os feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información ▪ Describe os principais feitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.
B5.3. Organización política e social de Roma.	B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. ▪ Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais
B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. ▪ Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.
B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os	Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas

	actuais.	entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
B5.6. obras públicas e urbanismo.	B5.9. Identificar os rasgos máis salientables das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinala a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.	Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo.
Bloque 6. Textos		
B6.1. Análise morfolóxica, sintáctica e semántica	B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.
B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto
B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	Mantén un sinxelo diálogo preparado previamente sobre un tema xa acordado
Bloque 7. Léxico		
B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	<ul style="list-style-type: none"> Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	B7.3. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos que interveñen na composición e na derivación culta.	Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua .
B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos	B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados nas linguas romances, especialmente as que o alumno coñece.	Deduce o significado das palabras das linguas romances que o alumno coñece a partir dos étimos latinos.
B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos	B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.
B7.4. Locucións latinas de uso actual	B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber emplealas nun contexto idóneo.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

En canto aos criterios de **cualificación**, teranse en conta de xeito prioritario, por unha banda, que o alumnado acade os obxectivos, contidos e o grao mínimo dos estándares mencionados anteriormente e, por outra, o feito de que a avaliación é continua e progresiva.

Realizaranse, cando menos, dúas probas escritas por trimestre para comprobar a consolidación e a asimilación satisfactoria dos correspondentes contidos e estándares. A estrutura das devanditas probas será a seguinte:

- ✓ Cuestións de morfoloxía e/ou sintaxe relacionadas directamente cos contidos e os estándares explicados e traballados: 70% da nota
- ✓ Tradución e análise dun texto latino: 20% da nota.
- ✓ Cuestións de etimoloxía, derivación e composición, sentido de expresións latinas ou cuestións de cultura e civilización romana incluídas no programa: 10% da nota.

En cada avaliación, un 80% da cualificación obterase das probas escritas. Outro 10% corresponde ao que poderíamos chamar actitude do alumno, que engloba aspectos como: atención, traballo diario na clase e na casa, esforzo por superar as dificultades, expresión oral e escrita, presentación coidada do caderno da asignatura coas correccións dos exercicios e os apuntes sen erros e postos ao día. Ao final de cada avaliación, neste apartado haberá unha puntuación de 0 a 10. O 10% restante corresponde á nota media das puntuacións dos controis orais ou escritos parciais (non abrangerán máis de 4 estándares) e da realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos: cada un deles cualificarase de 0 a 10.

O peso dos distintos estándares de cada bloque (mínimos esixibles) será proporcional.

O alumno/a que teña aprobada a terceira avaliación terá aprobado o curso. A nota final calcularase do seguinte xeito:

- No caso de que a evolución do alumno sexa marcadamente ascendente a nota final será a acadada na terceira avaliación.
- No caso dunha involución ou dun desenvolvemento irregular, a nota final calcularase seguindo as seguintes porcentaxes: 80% a terceira avaliación, 10% a segunda e a primeira

Para todos aqueles alumnos que necesiten recuperar unha parte ou partes concreta/s das avaliacións primeira e segunda faranse, previo reforzo, recuperacións parciais ao comezo da seguinte avaliación. Na terceira avaliación poderá recuperarse todo o curso cun exame final que responderá ao grao mínimo de consecución dos estándares, destacado en **negrita** en cada caso. As porcentaxes dos ítems da proba serán as descritas *supra*.

En caso de atopar a un alumno copiando nalgunha das probas escritas, entregaráselle de forma inmediata a mesma proba e o tempo seguirá sendo o establecido para o conxunto da clase.

Pola súa banda, **se non se superase o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe**, realizarase unha proba extraordinaria no mes de xullo cos mesmos presupostos e das mesmas características que as descritas no caso da recuperación final do curso ordinario.

NOTA AO BACHARELATO DE ADULTOS:

A causa do estatus especial deste tipo de ensino, terase en conta, dunha banda, a posibilidade de reducir a esquemas as oracións de VT e as de infinitivo, doutra, as porcentaxes de cualificación por avaliación serán de 70%/20%/10% e incluírase dentro do 20% a asistencia regular dos alumnos ás aulas xunto á valoración do que chamamos actitude do alumno.

6. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIA DOS SEUS RESULTADOS

O problema do latín de 1º de Bacharelato é que a tipoloxía do alumnado é moi diversa: podemos encontrarmos con alumnas e alumnos que nunca cursaron a materia xunto con outros procedentes do latín de 4º de ESO, e procedentes tanto do propio centro como doutros adscritos a este. Ante tal variedade, considérase fundamental a realización, nos comezos do curso, dunha enquisa ao alumno na que se especifiquen as razóns polas que escolleu a materia no Bacharelato e, no caso de ter cursado o Latín en 4º de ESO, na que se precisen os contidos nos que se fixo máis fincapé e ata que niveis se chegou nas explicacións. Se trata, dunha banda, de coñecer a motivación do alumnado que nunca viu o latín, pois é claro que terá que facer un esforzo extra ao longo da primeira avaliación sobre todo; doutra banda, trátase de obter información cara a establecer os contidos e obxectivos comúns acadados polos alumnos que, procedentes de diversos lados, xa cursaron a materia. O profesor terá que realizar, no primeiro mes de clase, un seguimento exhaustivo e diferenciado de todo o conxunto de alumnas e alumnos descoñecidos para el, sexa mediante a serie de tarefas diarias, sexa a través do diálogo, a

entrevista ou a posta en común; tamén obterá información do seu alumnado a través das notas e observacións de cursos anteriores e, nos casos en que sexa factible, acudindo as titoras e titores.

Doutra parte, cada nova unidade didáctica, sobre todo nos casos de contidos morfosintácticos, terá que ir precedida dunha nova enquisa, xa oral xa escrita segundo o profesor o estime oportuno en cada caso, co fin de establecer de xeito claro os coñecementos previos do alumnado, e procedentes tanto do estudo previo da lingua latina como do estudo doutras linguas.

No que respecta aos contidos sintácticos previos proporcionaranse ao alumno unhas liñas básicas ao comezo de cada unidade para que, recuperando ou reforzando os coñecementos das súas propias linguas, poidan acercarse de xeito máis doado á latina.

7. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN OS PROXECTOS DO CENTRO: PROXECTO LECTOR E TIC

Atendendo o proxecto lector do centro, a biblioteca e a propia aula seran espazos incorporados á formación de lectura comprensiva de textos, de todo tipo e de diverso soporte, vencellados coa materia. Polo demais, a cotío, na medida do posible, dedicarase un tempo á lectura de aspectos relacionados co desenvolvemento da lingua e cultura latinas.

Lecturas obrigadas serán, dunha banda a *Eneida* de Virxilio (en versión facilitada ed. Anaya), doutra, ou ben a obra de teatro á que os alumnos asistirán co motivo do Festival de Teatro Grecolatino de Lugo-Ourense ou do Festival Juvenil Europeo de Teatro Grecolatino en Mérida ou ben –no caso de non poder ir– escollerán entre os *Xemelgos*, *Epidicus*, *Anfitrión* ou *O soldado fanfarrón* en textos adaptados.

Tamén será moi importante o uso e o fomento das tecnoloxías da información e comunicación, atendendo non só á consulta senón tamén á transformación en coñecemento de toda a información. Como medio de aprendizaxe, serán de grande utilidade as TIC e a súa aplicación ao desenvolvemento docente. Valorarase de xeito especial a capacidade e autonomía á hora da utilización das TIC para a consulta de información, a realización de exercicios, tarefas e traballos, e a capacidade crítica do manexo e selección das fontes.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Temos que establecer dous supostos:

- Alumnos que cursan latín en 2º de Bacharelato e teñen pendente o latín de 1º, ben por non ter superados os contidos mínimos do curso, ben por ter feito un cambio de modalidade.
- Alumnos que teñen pendente o latín de 1º de Bacharelato e non están a cursar a materia en 2º.

No primeiro caso, o seguimento é máis doado, pois o profesor ten contacto continuado con eles e incluso, dependendo de como leven a materia en 2º, se lles porá aprobar o latín ou non. É dicir, entenderase que o alumno que supere a 1ª e a 2ª avaliacións da materia no 2º de Bacharelato terá aprobado o latín de 1º. Será labor do profesor o establecer aqueles exercicios e probas escritas e/ou orais de reforzo que considere oportunos, e mesmo impartir sesións extraordinarias (fora do horario lectivo) no caso en que o alumno non teña superadas nin as devanditas avaliacións nin, no seu caso, os reforzos suplementarios en forma de exercicios e probas orais ou escritas.

No caso de ter que acudir a exercicios e probas suplementarias, a materia quedará fraccionada do xeito seguinte: dividiranse os contidos e criterios de avaliación entre as dúas primeiras avaliacións sinaladas polo Centro, e darase un valor do 30% da puntuación final por avaliación aos exercicios e probas orais de reforzo e un 70% as probas escritas. Se as diferentes probas escritas, dentro das correspondentes avaliacións da materia pendente, non fosen superadas, o alumno presentarase as probas sinaladas polo Centro para a recuperación de materias pendentes, entendéndose que a 3ª avaliación servira de recuperación das outras dúas. No caso en que o profesor considere que ningún dos procedementos e instrumentos anteriores levou ao alumno a superar os mínimos esixibles da materia, este aínda contará coa convocatoria extraordinaria.

A proba final da convocatoria ordinaria e extraordinaria constarán dos seguintes apartados:

- ✓ Cuestións de morfoloxía e/ou sintaxe relacionadas directamente cos contidos e os estándares explicados e traballados: 70% da nota
- ✓ Tradución e análise dun texto latino: 20% da nota.

- ✓ Cuestións de etimoloxía, derivación e composición, sentido de expresións latinas ou cuestións de cultura e civilización romana incluídas no programa: 10% da nota.

No segundo caso –alumnos que non cursan latín no 2º de Bacharelato-, estes terán que realizar, cada dúas semanas ao longo do curso, unha serie de exercicios de repaso dos diferentes contidos mínimos segundo a distribución de contidos especificada *infra*. Pódese aprobar a materia se se considera que o alumno está a facer os devanditos exercicios con interese, dedicación e resultados suficientes, e os entrega nas datas establecidas para tal fin. Se se estima necesario, poderanse realizar probas orais e/ou escritas, segundo as datas dos exames de pendentos establecidos no calendario do centro. No caso en que o profesor considere que ningún dos procedementos e instrumentos anteriores levou ao alumno a superar os mínimos esixibles da materia, este aínda contará co exame final ordinario e coa convocatoria extraordinaria que constarán dos apartados e as porcentaxes de puntuación xa indicados *supra*.

En todos os casos, serán contidos mínimos e criterios de avaliación os que se especificarán a continuación.

Puntos a ter en conta *a priori*:

1. O grado mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe correspondentes os diferentes contidos e criterios de avaliación está indicado nesta Programación xeral do curso.
2. Dividiranse os contidos e criterios de avaliación entre as dúas primeiras Avaliacións sinaladas polo Centro, deixando a terceira para a recuperación de aqueles estándares de aprendizaxe non superados con anterioridade.

1ª AVALIACIÓN

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	
▪ B1.1. Marco xeográfico da lingua.	▪ B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.
▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	▪ B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.
▪ B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	▪ B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
▪ B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	▪ B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características.
▪ B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais e cultismos.	▪ B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais e cultismos .
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos	
▪ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	▪ B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
▪ B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.	▪ B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.
▪ B2.3. Pronuncia do latín: tipos.	▪ B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín.
Bloque 3. Morfoloxía	
▪ B3.1. Formantes das palabras.	▪ B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
▪ B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	▪ B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.
▪ B3.3. Concepto de declinación e conjugación.	▪ B3.3. Comprender o concepto de declinación e conjugación.
▪ B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	▪ B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.
▪ B3.5. Flexión verbal.	▪ B3.5. Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente.
▪ B3.5. Flexión verbal.	▪ B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos

	de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva.
▪ B3.5. Flexión verbal.	▪ B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.
▪ B3.5. Flexión verbal.	▪ B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.
Bloque 4. Sintaxe	
▪ B4.1. Elementos da oración.	▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
▪ B4.2. Casos latinos.	▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.
▪ B4.3. Concordancia.	▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.
▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
▪ B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación.	▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas (oracións de relativo)
Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización	
▪ B5.1. Períodos da historia de Roma.	▪ B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
▪ B5.3. Organización política e social de Roma.	▪ B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.
▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	▪ B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.
▪ B5.6. Obras públicas e urbanismo.	▪ B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.
Bloque 6. Textos	
▪ B6.1. Análise morfolóxica, sintáctica e semántica.	▪ B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.
▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
Bloque 7. Léxico	
▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
▪ B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	▪ B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances, especialmente as que o alumno coñece.
▪ B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	▪ B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.

2ª AVALIACIÓN

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances	
▪ B1.5. Nocións básicas de evolución fonética e semántica do	▪ B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da

latín ao galego e ao castelán.	evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.
Bloque 4. Sintaxe	
▪ B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación.	▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas (Oracións de CVM)
▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	▪ B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.
▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	▪ B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.
Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización	
▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.	▪ B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos.
▪ B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.	▪ B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos.
▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	▪ B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.
▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	▪ B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios.
Bloque 6. Textos	
▪ B6.1. Análise morfolóxica, sintáctica e semántica.	▪ B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.
▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.
▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.
▪ B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina.	▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.
Bloque 7. Léxico	
▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.
▪ B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	▪ B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.
▪ B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	▪ B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.
▪ B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	▪ B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.
▪ B7.4. Locucións latinas de uso actual.	▪ B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

En conexión con algunhas conmemoracións (Día dos Dereitos Humanos, Día da Paz, Día da Muller, Días das linguas, etc.) tratarase de que os alumnos/as, a través de medios como a prensa, revistas, cinema, etc. se introduzan en determinados temas. Sobre esta iniciativa, sería interesante preparar algunha exposición relacionada con aspectos da educación en valores ou temas transversais.

Outro atractivo eido como actividade extraescolar é a visita planificada a algún enclave interesante da romanización (castro, museo, etc.) ou a cantas circunstancias culturais conecten directa ou indirectamente coa materia (representacións teatrais, exposicións, etc.); neste senso, como xa se ten mencionado no caso de 4º de ESO, a aposta do Departamento para o presente curso (en colaboración co Departamento de grego do instituto Xunqueira 1 e o de Latín do IES Sánchez Cantón) será a asistencia a algunha representación teatral do Festival Juvenil Europeo de Teatro Grecolatino en Mérida: intentarase que a excursión sexa de xoves a domingo, para asistir a representación do venres. A viaxe aproveitarase para a visita dos restos romanos de Mérida e para a visita de Coimbra. No caso de que non se poda facer esta viaxe, polo número limitado do aforo das representacións e a gran afluencia de público as mesmas, intentarase a asistencia a algunha representación teatral do Festival de teatro Grecolatino de LugoOurense: estas opcións

O Departamento de Latín deste instituto, o de Grego de Xunqueira 1 e o de Latín do Sánchez Cantón, etamén están a traballar nun proxecto que, en principio, está enfocado aos alumnos de 2º de Bacharelato, pero que tal vez podería ampliarse aos de primeiro: unha viaxe a Sicilia, importante foco de restos de, entre outras, as civilizacións grega e romana.

2º BACHARELATO

1.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS DE COMPETENCIAS.

Engádanse ás informacións da tabla que aparece a continuación as apreciacións feitas no mesmo apartado de 4º da ESO.

**CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE CAS COMPETENCIAS CLAVE.
LATÍN II (2º BACHARELATO)**

	CCL	CMC T	CD	CSC	CAA	CSIEE	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mitoloxía e relixión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. 	Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. 	Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.
Bloque 6. Textos		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Aplicar os coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para se iniciar na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. 	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. 	Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Utilizar correctamente manuais e o vocabulario, recoñecendo e 	Utiliza correctamente os manuais de gramática e o vocabulario, analizando a

	analizando toda a información que proporcionan.	información que proporcionan, para traducir pequenos textos.
▪ B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	▪ B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto
Bloque 7. Léxico		
▪ B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	▪ B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. ▪ Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
▪ B7.2. Composición e derivación culta.	▪ B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común das linguas propias e explica a partir desta o seu significado
▪ B7.3. Locucións latinas de uso actual	▪ B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber emplealas nun contexto idóneo.	Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

En canto aos criterios de **cualificación**, teranse en conta de xeito prioritario, por unha banda, que o alumnado acade os obxectivos, contidos e o grao mínimo dos estándares mencionados anteriormente e, por outra, o feito de que a avaliación é continua e progresiva.

En cada avaliación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- ✓ Actitud ante o proceso de aprendizaxe e intervencións. Traballo diario na aula e na casa. Caderno da materia: 10%
- ✓ Controis orais e/ou escritos parciais (non máis de catro estándares). Traballos individuais ou en grupo previo aviso: 20%
- ✓ Exames escritos: 70%

As observacións sobre a actitude ante o proceso de aprendizaxe e intervencións do alumno na aula, o seu traballo diario e o caderno da materia terán unha puntuación conxunta de 0 a 10 ao final de cada avaliación. Esta constituirá o 10% da nota final dunha avaliación dada.

Os controis orais e/ou escritos parciais (non abranguerán en ningún caso máis de catro estándares) e os traballos en grupo terán, cada un deles unha puntuación de 0 a 10 puntos. A nota media das cualificacións conxuntas constituirá o 20% da nota final dunha avaliación dada.

Os exames escritos –tantos como se consideren oportunos segundo a evolución xeral da clase- terán unha puntuación de 0 a 10 puntos. En cada un deles, se aparecen cuestións pertencentes a diferentess bloques, terán maior puntuación as relacionadas co bloque 3, seguidas daquelas pertencentes aos bloques 4 e 6; finalmente, a menor puntuación coresponderá as cuestións relacionadas cos bloques 1, 2, 5 e 7 (Como orientación pódense ver as porcentaxes asignadas aos bloques na proba final do curso) Pola súa banda, os estándares terán un peso proporcional dentro de cada bloque. A nota media destas probas escritas constituirá o 70% da nota final dunha avaliación dada.

O alumno/a que teña aprobada a terceira avaliación terá aprobado o curso. A nota final calcularase do seguinte xeito:

- No caso de que a evolución do alumno sexa marcadamente ascendente a nota final será a acadada na terceira avaliación.
- No caso dunha involución ou dun desenvolvemento irregular, a nota final calcularase seguindo as seguintes porcentaxes: 80% a terceira avaliación, 10% a segunda e a primeira.

Para todos aqueles alumnos que necesiten recuperar unha parte ou partes concreta/s das avaliacións primeira e segunda faranse, previo reforzo, recuperacións parciais ao comezo da

seguinte avaliación. Na terceira avaliación poderá recuperarse todo o curso cun exame final que responderá ao grao mínimo de consecución dos estándares. A súa vez, ponderaranse de xeito proporcional tales estándares dos bloques 1, 2, 5 e 7 dun lado, do bloque 3 doutro e dos bloques 4 e 6 doutro. As porcentaxes dos distintos bloques no devandito examen final serán as seguintes:

- ✓ Bloques 1, 2, 5 e 7: 15%
- ✓ Bloque 3: 55%
- ✓ Bloques 4 e 6: 30%

En caso de atopar a un alumno copiando nalgunha das probas escritas, entregaráselle de forma inmediata a mesma proba e o tempo seguirá sendo o establecido nun principio para o conxunto da clase.

Pola súa banda, **se non se superase o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe**, realizarase unha proba extraordinaria no mes de xullo cos mesmos presupostos e das mesmas características que as descritas no caso da recuperación final do curso ordinario.

BACHARELATO LATÍN I E II

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao

cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

LATÍN I

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

“Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe” (Decreto 86/2015 do 25 de xuño)

Especificamos a continuación os mínimos esixibles:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: MÍNIMOS ESIXIBLES
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances		
B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	Sinala sobre un mapa o marco xeográfico da civilización romana no seu período de maior expansión situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos, en especial da Península Ibérica, coñecidos pola súa relevancia histórica.
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	Identifica varias das linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo, recoñecendo as súas características.	Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. delimita o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo e diferencia unhas doutras

B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais e cultismos.	B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais e cultismos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro. ▪ Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos. ▪ Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.
B1.5. Nocións básicas de evolución fonética e semántica do latín ao galego e ao castelán	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as principais regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos		
B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	Clasifica os diferentes tipos de escritura e recoñece as súas diferenzas en natureza e función.
B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino	B2.3. Coñece a orixe do alfabeto nas linguas modernas.	Explica a orixe latina dos alfabetos de diferentes linguas de Europa, principalmente do galego e o castelán así como das linguas estranxeiras ofertadas polo Centro.
B2.3. Pronuncia do latín.	B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín.	Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos
Bloque 3. Morfoloxía		
B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras a partir do seu enunciado.	Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación
B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enuncia e localiza correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. ▪ Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. ▪ Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos

		<p>verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Conxuga os tempos verbais máis frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. ▪
B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir de eles, tanto en voz activa como en voz pasiva.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un. ▪ Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. ▪ Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. ▪ Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.
B3.5. Flexión verbal	B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.	Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.
B3.5. Flexión verbal.	B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas e comparar os sistemas verbais.	Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.
Bloque 4. Sintaxe		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Elementos da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración. 	Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Casos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. 	. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Concordancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. 	Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. 	Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas (especialmente oracións de relativo) 	Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os tipos de coordinadas e os nexos que as caracterizan. Dentro das subordinadas, especialmente as de relativo, de cum e de ut. Señala en cada caso exemplos que expliquen as súas características.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Construcións de infinitivo e de participio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: 	Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.

	infinitivo e participio.	
<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Construcións de infinitivo e de participio 	<ul style="list-style-type: none"> B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes. 	Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións análogas noutras linguas que coñece.
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización		
B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma e encadralos no seu período correspondente, e realizar eixes cronolóxicos.	<ul style="list-style-type: none"> Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relacións con outras circunstancias contemporáneas. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan os feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.
B5.3. Organización política e social de Roma.	B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.	<ul style="list-style-type: none"> Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais
B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses. Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.
B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.
B5.6. obras públicas e urbanismo.	B5.9. Identificar os rasgos máis salientables das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinala a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.	Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo.
Bloque 6. Textos		
B6.1. Análise morfolóxica, sintáctica e semántica	B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos morfolóxicos,	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica, sintáctica e semántica de textos

	sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.	de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.
B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	Redacta frases sinxelas en latín sobre un tema proposto
B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	Mantén un sinxelo diálogo preparado previamente sobre un tema xa acordado
Bloque 7. Léxico		
B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	<ul style="list-style-type: none"> Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	B7.3. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos que interveñen na composición e na derivación culta.	Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua .
B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos	B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados nas linguas romances, especialmente as que o alumno coñece.	Deduce o significado das palabras das linguas romances que o alumno coñece a partir dos étimos latinos.
B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos	B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.
B7.4. Locucións latinas de uso actual	B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber emplealas nun contexto idóneo.	<ul style="list-style-type: none"> Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

En canto aos criterios de **calificación**, teranse en conta de xeito prioritario, por unha banda, que o alumnado acade os obxectivos, contidos e o grao mínimo dos estándares mencionados anteriormente e, por outra, o feito de que a avaliación é continua e progresiva.

Realizaranse, cando menos, dúas probas escritas por trimestre para comprobar a consolidación e a asimilación satisfactoria dos correspondentes contidos e estándares. A estrutura das devanditas probas será a seguinte:

- ✓ Cuestións de morfoloxía e/ou sintaxe relacionadas directamente cos contidos e os estándares explicados e traballados: 70% da nota
- ✓ Tradución e análise dun texto latino: 20% da nota.

- ✓ Cuestións de etimoloxía, derivación e composición, sentido de expresións latinas ou cuestións de cultura e civilización romana incluídas no programa: 10% da nota.

En cada avaliación, un 80% da cualificación obterase das probas escritas. Outro 10% corresponde ao que poderíamos chamar actitude do alumno, que engloba aspectos como: atención, traballo diario na clase e na casa, esforzo por superar as dificultades, expresión oral e escrita, presentación coidada do caderno da asignatura coas correspondentes correccións dos exercicios e os apuntes sen erros e postos ao día. Ao final de cada avaliación, neste apartado haberá unha puntuación de 0 a 10. O 10% restante corresponde á nota media das puntuacións dos controis orais ou escritos parciais (non abrangerán máis de 4 estándares) e da realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos: cada un deles cualificarase de 0 a 10.

O peso dos distintos estándares de cada bloque (mínimos esixibles) será proporcional.

O alumno/a que teña aprobada a terceira avaliación terá aprobado o curso. A nota final calcularase do seguinte xeito:

- No caso de que a evolución do alumno sexa marcadamente ascendente a nota final será a acadada na terceira avaliación.
- No caso dunha involución ou dun desenvolvemento irregular, a nota final calcularase seguindo as seguintes porcentaxes: 80% a terceira avaliación, 10% a segunda e a primeira

Para todos aqueles alumnos que necesiten recuperar unha parte ou partes concreta/s das avaliacións primeira e segunda faranse, previo reforzo, recuperacións parciais ao comezo da seguinte avaliación. Na terceira avaliación poderá recuperarse todo o curso cun exame final que responderá ao grao mínimo de consecución dos estándares, destacado en negrita en cada caso. As porcentaxes dos items da proba serán as descritas *supra*.

En caso de atopar a un alumno copiando nalgunha das probas escritas, entregaráselle de forma inmediata a mesma proba e o tempo seguirá sendo o establecido para o conxunto da clase.

Pola súa banda, **se non se superase o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe**, realizarase unha proba extraordinaria cos mesmos presupostos e das mesmas características que as descritas no caso da recuperación final do curso ordinario.

NOTA AO BACHARELATO DE ADULTOS:

A causa do estatus especial deste tipo de ensino, terase en conta, dunha banda, a posibilidade de reducir a esquemas as oracións de VT e as de infinitivo, doutra, as porcentaxes de cualificación por avaliación serán de 70%/20%/10% e incluírase dentro do 20% a asistencia regular dos alumnos ás aulas xunto á valoración do que chamamos actitude do alumno.

LATÍN II

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

“Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe” (Decreto 86/2015 do 25 de xuño)

Especificamos a continuación os mínimos esixibles:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: MÍNIMOS ESIXIBLES
BLOQUE 1: O LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. 	Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.
BLOQUE 2: MORFOLOXÍA		
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Coñecer as categorías gramaticais. 	Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas regulares e formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. 	Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas regulares e formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas. 	Analiza morfoloxicamente palabras presentes nos exercicios ou nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas regulares e formas menos usuais e irregulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Morfoloxía verbal: Paradigmas regulares e verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.
BLOQUE 3: SINTAXE		
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaas para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de 	<ul style="list-style-type: none"> LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta,

	oracións compostas, coordinadas e subordinadas.	coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e reconece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.
BLOQUE 4: LITERATURA LATINA		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior. 	Describe as características esenciais dos seguintes xéneros literarios latinos: teatro, oratoria e retórica, épica, lírica, historia e fábula. Identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental. 	Nomea os seguintes autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas: Plauto, Cicerón, Virxilio, Horacio, Tito Livio, Eutropio e Fedro
BLOQUE 5: TEXTOS		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución (Autores: Eutropio e Fedro)
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.
BLOQUE 6: LÉXICO		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes. 	Identifica a etimoloxía e coñece o significado dos 75 topónimos sinalados pola CIUG
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. 	Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado as 150 locucións e expresións latinas indicadas pola CIUG
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos. 	Recoñece os principais prefixos e sufixos na composición e derivación de palabras en castelán e galego e explica o significado que aqueles aportan aos termos simples

En canto aos criterios de **calificación**, teranse en conta de xeito prioritario, por unha banda, que o alumnado acade os obxectivos, contidos e o grao mínimo dos estándares mencionados anteriormente e, por outra, o feito de que a avaliación é continua e progresiva.

Faranse, cando menos, dúas probas escritas por avaliación nas que as porcentaxes de puntuación das cuestións relacionadas cos diferentes bloques terán en conta o réxime de prioridades establecido pola CIUG.

Na 1ª e 2ª avaliacións e 1ª proba escrita da 3ª:

- ✓ Bloques 2 (Morfoloxía), 3 (Sintaxe) e 5 (Textos de Eutropio e /ou Fedro): 70% da nota
- ✓ Bloque 4: Literatura latina: 20% da nota
- ✓ Bloques 1 (O latín: Orixe das linguas romances) e 6 (Léxico): 10% da nota.

O exame final da 3ª Avaliación adaptarase por completo ao modelo das probas da Universidade e constará das seguintes partes:

- ✓ Tradución dun texto de Eutropio ou Fedro (a elixir): 7 puntos.
- ✓ Cuestión teórica de Literatura Latina: 1,5 puntos.
- ✓ Una cuestión sobre prefixos, outra sobre locucións e outra máis sobre toponimia a elixir dúas (0,75 puntos cada unha)

En cada avaliación, un 90% da cualificación obterase das probas escritas. O outro 10% corresponde ao que poderíamos chamar actitude do alumno, que engloba aspectos como: atención, traballo diario na clase e na casa, esforzo por superar as dificultades, expresión oral e escrita, presentación coidada do caderno da asignatura coas correspondentes correccións dos exercicios e os apuntes sen erros e postos ao día, realización e participación en actividades ou traballos individuais e colectivos.

O alumno/a que teña aprobada a terceira avaliación terá aprobado o curso. A nota final calcularase do seguinte xeito:

- No caso de que a evolución do alumno sexa marcadamente ascendente a nota final será a acadada na terceira avaliación.
- No caso dunha involución ou dun desenvolvemento irregular, a nota final calcularase seguindo as seguintes porcentaxes: 80% a terceira avaliación, 10% a segunda e a primeira

Para todos aqueles alumnos que necesiten recuperar unha parte ou partes concreta/s das avaliacións primeira e segunda faranse, previo reforzo, recuperacións parciais ao comezo da seguinte avaliación. Na terceira avaliación poderá recuperarse todo o curso co exame final descrito *supra*.

En caso de atopar a un alumno copiando nalgunha das probas escritas, entregaráselle de forma inmediata a mesma proba e o tempo seguirá sendo o establecido para o conxunto da clase.

Pola súa banda, **se non se superase o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe**, realizarase unha proba extraordinaria no mes de xullo cos mesmos presupostos e das mesmas características que as descritas no caso da recuperación final do curso ordinario.

NOTA AO BACHARELATO DE ADULTOS:

A causa do estatus especial deste tipo de ensino, terase en conta, dunha banda, a posibilidade de reducir os textos de tradución a Eutropio, autor menos esixente no que á sintaxe se refire, doutra, variaranse as porcentaxes de cualificación por avaliación a un 80%/20% e incluírase neste último 20% a asistencia regular dos alumnos ás aulas.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: LATÍN ESO, LATÍN I E LATÍN II

Como se ten visto, este Departamento non considera as notas das probas escritas e/ou orais cunha data fixa o criterio único á hora de decidir a nota da correspondente avaliación. Á devandita nota de avaliación haberá que sumar (Cf. as porcentaxes concretas en cada curso) toda a suma de

cualificacións obtidas no día a día, unha vez aplicados **procedementos** de avaliación tales como os intercambios orais entre profesor e alumno, a observación sistemática de actitudes ante o proceso de aprendizaxe (atención, exposición de dúbidas, intervencións no proceso de desenvolvemento da explicación...), a análise das diferentes producións dos alumnos e do modo en que están a traballar, tanto en grupo como de xeito individual. Os **instrumentos** concretos serán o esquema pregunta-resposta durante as diferentes explicacións, os modos –e non só os contidos- das exposicións orais en grupo de diversos temas culturais (tipo de presentación –mellor se é coa axuda da informática-, inventiva, orixinalidade, intento de acercamento dos contidos aos nosos días de xeito visual, modos de busca de información segundo as fontes e os soportes), o resumo escrito por parte do resto dos alumnos das devanditas exposicións orais, o comentario individual de diferentes textos sobre contidos culturais co fin de utilizar os coñecementos adquiridos e valorar os modos de vida e as formas de pensamento romanos en comparación cos nosos, os exercicios de morfosintaxe e de léxico, os exercicios baseados na comparación entre as distintas linguas obxecto de estudo do alumno, os xogos para o reforzo dos contidos de todo tipo introducidos ata ese momento, as lecturas en voz alta de fragmentos históricos, épicos e dramáticos (no seu caso, a representación de fragmentos dunha comedia de Plauto), a busca de distintos termos latinos en textos actuais, tanto históricos e literarios como periodísticos e publicitarios. O caderno de clase do alumno cobra un protagonismo especial como testemuña da súa dedicación, interese, capacidade e creatividade (ou da falta dos mesmos).